



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 1 DE XULLO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1994/2018.- LUIS ANGEL TOJO RAMOS- Conceder licenza de obras para a demolición e construción de vivenda unifamiliar sita na Rúa Pico Sacro, 2.

LIC/728/2019.- CD CONSTRUCCION REHABILITACIÓN Y REFORMAS SLU.-Conceder licenza para a instalación de ascensor no edificio sito na Rúa Curros Enríquez, 21.

LIC/417/2019.- PROMOCIONES CONCEIROS 2000 SL.- Conceder licenza para a construción dun edificio de planta baixa, 3 plantas altas e 2 sotos para 24 VPA e locais comerciais na Rúa da Estrada , 85 Parcela BA2 SUNP-11 Castiñeiriño.

LIC/2033/2017.-AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA.- Conceder licenza de obra nova para a construción de edificación destinada á produción de enerxía térmica con biomasa na Estrada Santiago Noia, km 3, A Barcia.

1.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras para a demolición e construción de vivenda unifamiliar sita na Rúa Pico Sacro, 2. LIC/1994/2018. Apróbase a proposta.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para a instalación de ascensor no edificio sito na Rúa Curros Enríquez, 21. LIC/728/2019. Apróbase a proposta.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para a construción dun edificio de planta baixa, 3 plantas altas e 2 sotos para 24 VPA e locais comerciais na Rúa da Estrada , 85 Parcela BA2 SUNP-11 Castiñeiriño. LIC/417/2019. Apróbase a proposta.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obra nova para a construción de edificación destinada á produción de enerxía térmica con biomasa na Estrada Santiago Noia, km 3, A Barcia. LIC/2033/2017. Apróbase a proposta.

5.- Recoñecementos extraxudiciais de crédito. Apróbase a proposta.

6.- Recoñecemento de obrigas. Apróbase a proposta.

7.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á participación nos XIII XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO. Autorízase o desprazamento da delegación compostelá (formada por 57 persoas) e a participación no devandito evento, que se celebrará do 7 ao 12 de xullo na localidade portuguesa de Braga, así como a designación do delegado municipal e xefe de expedición.

8.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa ao pago anticipado do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui para o ano 2019. Apróbase a execución do pago adiantado do importe concedido no convenio para o pago das pasaxes e seguros dos nenos/as, que chegarán a Santiago os días 7 e 9 de xullo.

9.- Proposta da concellería delegada de Políticas Sociais, de 12.6.19, relativa á resolución sobre a autorización previa e expresa para a modificación do contido dos proxectos presentados na convocatoria de subvencións de cooperación ao desenvolvemento para 2018. Apróbase a modificación solicitada pola Asemblea de Cooperación pola Paz, para a ampliación das datas de execución do proxecto subvencionado ata o 15 de agosto de 2019 (2 meses).

10.- Propostas do concelleiro delegado substituto de Economía e Facenda, de datas 6.5.19, 14.5.19 e 28.5.19, relativas á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Concédense as exencións solicitadas.

11.- Propostas do concelleiro delegado substituto de Economía e Facenda, de data 27.5.19, relativas á denegación de solicitudes de bonificación no IBI. Denéganse varias solicitudes de bonificación.

12.- Propostas da concellería delegada de Economía e Facenda, de 12.4.19 e 22.5.19, relativas á denegación de solicitudes de bonificación no IBI. Denéganse varias solicitudes de bonificación.

13.- Propostas da concellería delegada de Economía e Facenda, do 16 e 24 de abril de 2019, relativas á concesión de bonificacións no imposto sobre bens inmoables. Concédense as bonificacións solicitadas.

URXENCIAS

1.- Proposta do concelleiro de delegado de Festas relativa á adxudicación do Servizo de deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos das Festas do Apóstolo 2019 da cidade de Santiago de Compostela. Adxudícase o devandito contrato a Acciona Producciones y Diseño SAU, por un importe de 257.713,11 euros (IVE incluído).

2.- Proposta da Alcaldía relativa á fixación do número, retribucións e características do persoal eventual. Apróbase a proposta.